

## **BASES CONCURSO CARTAZ SRI (SISTEMA RETENCIÓN INFANTIL)**

- 1.- Proposta para un cartaz informativo sobre o **SRI (Sistema Retención Infantil)** (Ver Anexo I)
- 2.- A finalidade do cartaz será a difusión e información, na cidade da Coruña, do correcto uso do SRI (Sistema Retención Infantil)
- 3.- Poderá presentarse soamente o alumnado da EASD Pablo Picasso matriculado no presente curso 2020/21.
- 4.- Os traballos serán presentados aos docentes encargados da súa supervisión, que deberán observar se os mesmos se adecúan ás bases do concurso. **O prazo máximo para a súa presentación será o 18 de marzo de 2021.**
- 5.- Docentes encargados da supervisión e recollida das propostas:
  - Mario García Herradon: mariogherradon@edu.xunta.es
  - Gloria M<sup>a</sup> Rodríguez Simón: rodriguezsimon@edu.xunta.es
  - Javier Macho Eiras: javiermacho@edu.xunta.es
- 6.- A impresión do cartaz gañador correrá a cargo da Policía Local da Coruña.
- 7.- As imaxes ou ilustracións utilizadas para o deseño deberán ser orixinais do/a participante.
8. Soamente estará permitida unha proposta gráfica por cada participante.
9. Para a fase de selección deberá presentarse:
  - i. Breve memoria\* explicativa en \*.pdf na que debe figurar:
    - a. Portada: nome e apelidos do/a participante, teléfono e e-mail de contacto. Estudos da EASD Pablo Picasso no que está matriculado/a.
    - b. Breve explicación.
    - c. Proposta gráfica
    - d. Mock-up no que se poida ver a gráfica aplicada no espazo.
  - ii. O arte final do cartaz. A tamaño real (escala 1:1) tendo en conta os requisitos de formato e resolución para a súa correcta impresión en offset. Formato \*.pdf
  - iii. O arte final do cartaz en formato \*.pdf para a súa difusión dixital.
10. O Xurado estará composto por dous docentes da EASD Pablo Picasso e dous representantes da Policía Local da Coruña.
11. **PREMIO: entre todos os traballos presentados se seleccionará, por votación do xurado, o gañador ou gañadora o cal percibirá un vale de 300 Euros para canxear en Sutega, Corte Inglés ou Open 112.**
12. A Policía Local da Coruña poderá requirir ao gañador ou gañadora a modificación mínima da gráfica presentada, atendendo a solucionar cuestións xerais coma podería ser a ubicación ou tamaño dos logotipos, así como erros nos aspectos relativos a normativa que regula o uso dos SRI.

A Coruña , 4 de febreiro de 2021.

## ANEXO I.

**Cliente: Unidade de Tráfico. Policía Local A Coruña.**

**Campaña informativa e de concienciación sobre o uso do SRI (Sistema Retención Infantil)**

- **Obxectivo:** Informar a nais e pais de infantes de ata 12 anos de idade da obrigabilidade do uso dos sistemas de retención infantil (cadeiras para automóbiles), ilustrando de forma sinxela e visual a obriga do seu uso. Atraer a atención dos/as nenos/as sobre o cartaz.
- **Público Obxectivo:** Nenas e nenos de ata 12 anos. Nais e pais (fillos/as de ata 12 anos).
- **Acción:** Se colocarán cartaces nas escolas infantís e de primaria da cidade da Coruña. A singularidade residirá en darlle unha funcionalidade ao cartaz, de maneira que os propios infantes poidan sentirse atraídos e chamen a atención dos seus proxenitores sobre o mesmo. Dita funcionalidade se traducirá en que o cartaz deberá servir como medidor da altura, indicando a obrigabilidade ou recomendación de uso da cadeira. Como acción complementaria, na web da Policía Local da Coruña (Unidade de Tráfico) se poderá descargar o cartaz en formato \*.pdf . Tamén se distribuirá nas escolas en versión dixital, para que o poidan publicar nas súas páxinas web ou enviar as familias.
- **Información clave,** sobre a que debe incidir a comunicación:
  - 135 cm, estatura ata a que é obrigatorio o uso do Sistema de Retención Infantil.
  - 150 cm, estatura ata a que, a DGT e a Policía Local de A Coruña, recomendan o uso do Sistema de Retención Infantil.

### Encargo:

1. Cartaz para impresión offset, 4/0 tintas (\*.pdf).
2. Versión dixital do cartaz para descargar da web (\*.pdf)

### Condicionantes.

- O cartaz deberá incluír un medidor en centímetros a escala 1:1 de ata 150cm. Puidendo comezar o medidor en 70 cm.
- Formato libre.
- Impresión: offset a 4/0 tintas (CMYK)
- Textos: galego e castelán.
- A gráfica deberá incluír:
  - Escudo Policía Local A Coruña.
  - Distintivo vermello da Unidade de Tráfico (Texto “Unidade de Tráfico” en vermello ou sobre banda vermella)

- Logotipo Concello A Coruña (Respetando o Manual de Identidade Corporativa, consultar páxina web do concello)
- Logotipo EASD Pablo Picasso
- Nick ou nome do alumno ou alumna
- Texto obrigatorios:
  - Máis info/ Más info: 981 18 42 25 EXT: 13062-13178 [seguridadvial@coruna.es](mailto:seguridadvial@coruna.es)
  - Normativa de referencia: i-Size.

**Material de traballo aportado:**

- Escudo Policia Local en formato vectorial.
- Logotipo EASD Pablo Picasso en formato vectorial